

Tipo de produto	Orde da mestura dos fitosanitarios no tanque
Auga/solvente	Auga/solvente (evitar augas duras)
Produtos específicos	Reguladores de pH (en augas pH>6) Bolsas hidrosolubles (WSB)
Produtos sólidos	Gránulos solubles (SG) Gránulos dispersables (WG) Pos mollables (WP)
Produtos líquidos	Suspensións concentradas (SC) Suspensións encapsuladas (CS) Suspoemulsións (SE) Suspensións concentradas oleosas (OD) Emulsións concentradas (EC) Surfactantes/mollantes Líquidos solubles (SL)
Outros produtos	Fertilizantes foliares Líquidos antideriva



**Como facer as mesturas seguras?** A súa realización é responsabilidade do usuario. Non deben realizarse de produtos con toxicidade aguda ou con frases de risco perigosas para a saúde.

Para evitar riscos no cultivo, cando se realiza por primeira vez unha mestura, recoméndase facer unha proba a pequena escala de compatibilidade dos produtos, para comprobar que non forman precipitados, teñen problemas de disolución ou producen fitotoxicidade no cultivo.

**Aplicar estratexias anti-resistencia aos fitosanitarios.** A aplicación ten que ser no momento oportuno, con alternancia de materias activas de diferentes grupos químicos e modos de acción, calculando a dose especificada na etiqueta tendo en conta o volume da vexetación no cultivo.

## PRODUCCIÓN INTEGRADA NO VIÑEDO DE GALICIA

Os viticultores para inscribirse no Rexistro Oficial de Operadores de Producción Integrada de Galicia deben ter unhas superficies mínimas da explotación:

- Entidade agraria ou viticultor individual: 3 ha.
- Viticultores agrupados: 3.000 m<sup>2</sup> cada viticultor e 10 ha entre todos os que forman a agrupación (Apria).

É necesario un **servizo técnico** que dirixa o programa de PI e a auditoría dunha entidade certificadora acreditada por ENAC.

Tamén se contempla a formación dos técnicos e os operadores.

A decisión dos viticultores e adegueiros de certificar a súa produción de uva no sistema sostible de produción integrada implica un valor engadido da colleita.



Logo identificativo da produción obtida en PI

galicia



Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego 2016.



FEADER:  
Europa inviste no rural




GOBIERNO DE ESPAÑA  
MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



XUNTA DE GALICIA

## Xestión Integrada de Pragas (XIP) e Producción Integrada (PI) no viñedo



DL. C 1286-2016

XUNTA DE GALICIA

**Xestión integrada de pragas (XIP).** É unha estategia de control fitosanitario que consiste na aplicación racional dunha combinación de medidas biolóxicas, biotecnolóxicas, culturais, de mellora vexetal e químicas, de modo que o emprego de fitosanitarios se limita ao mínimo necesario.

**Normativa:** Directiva 2009/128/CE, RD 1311/2012, do 14 de setembro, para un uso sostible de produtos fitosanitarios; RD 1702/2011, do 18 de novembro, sobre inspeccións de equipos de aplicación fitosanitarios, e a Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

**Producción integrada (PI).** É un modelo de produción baseado na XIP, na que os viticultores (operadores) se someten a unha certificación voluntaria da súa produción que garanta a seguridade alimentaria e o coidado medioambiental.

**Normativa:** RD 1204/2002 do 20 de novembro, e en Galicia está regulado polo D 68/2004, do 11 de marzo, a Orde do 30 de maio e na Orde do 21 de xuño de 2005 do Regulamento técnico específico de produción integrada do viñado en Galicia.

**Normativa obrigatoria para un control sostible das pragas** →

XIP

**Viabilidade técnica e económica da explotación vitícola, concienciación ambiental e consumidores esixentes** →

PI

**Producción sostible con certificación do produto** →



## XESTIÓN INTEGRADA DE PRAGAS

**Explotacións vitícolas maiores de 5 ha**

**Teñen a obriga de ter un asesor responsable en XIP:**

- Contrato de asesoramento.
- Identificación (Sixpac) e descrición da explotación.
- Identificación dos riscos fitosanitarios e medioambientais específicos da explotación vitícola.
- Validación das intervencións reflectidas nun documento de rexistro das actuacións e tratamentos fitosanitarios empregados.

**Explotacións vitícolas menores de 5 ha**

**Deben, como mínimo, seguir as recomendacións da guía de XIP en viñado publicada polo Magrama** (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente) e cubrir o documento do rexistro das actuacións e tratamentos fitosanitarios realizados.


Non teñen obriga de designar un asesor.

**Na XIP hai tres fases fundamentais:**

**Coñecemento da densidade de pragas e o risco das enfermidades:** observacións directas no viñado, trampas, predicións meteorolóxicas, estacións de avisos, etc.

**Aplicación dos limiares de tolerancia** nos que a praga se mantén en niveis que non chegan a producir risco de dano económico.

**Elección dos métodos de protección,** poñendo énfase en conseguir unha colleita sa, coa mínima alteración posible dos agroecosistemas e a promoción de mecanismos naturais de control de pragas.




AVALIAR

ANALIZAR

DECIDIR

## Protección do medio acuático e os espazos naturais sensibles:

**DISTANCIAS MÍNIMAS**



**A banda de seguridade** sen tratar o cultivo con fitosanitarios ata masas de auga superficial, pode ser maior se está indicado na etiqueta. Durante a aplicación os pozos de rega non é necesario que teñan banda de seguridade, é suficiente con que estean tapados.

Os equipos de aplicación provistos de dosificador-incorporador de fitosanitarios no tanque, a distancia mínima ás masas de auga superficiais redúcese a 10 m.

Non se poden encher os depósitos directamente dende os pozos ou puntos de captación de auga, agás os equipos con dispositivo antirretorno ou cando a captación estea máis alta que a boca de enchedura. En xeral, non se poden realizar estas operacións en lugares con risco de encharcamento, escorrentía superficial ou lixiviación.

Na operación de limpeza da máquina despois da aplicación, a distancia mínima as masas de auga superficial é de 50m.

## Boas prácticas fitosanitarias para reducir a deriva:

- Comprobar sempre a información da etiqueta dos produtos fitosanitarios.
- Axustar as boquillas perfectamente dirixidas á vexetación que se vai tratar.
- Instalar deflectores nos atomizadores para orientar o fluxo de aire á vexetación.
- Evitar fluxo de aire excesivo do ventilador.
- Empregar en pulverización boquillas antideriva.
- Evitar aplicación con vento: prohibido máis de 3 m/sg.
- Comprobar a distribución do caldo fitosanitario con papeis hidrosensibles colocados en distintas zonas da vexetación.
- En xeral, axustar correctamente o equipo de aplicación.

É moi importante para obter a máxima eficacia dos tratamentos a correcta dosificación e unha boa calibración e regulación da máquina. Todos os equipos de aplicación deben ter superado unha **inspección técnica** antes do 26 de novembro de 2016. Quedan excluídos os pulverizadores de mochila e os pulverizadores de arrastre manual (carretillas) con depósito que non supere os 100 litros. Se son equipos novos, deberán ser inspeccionados unha vez dentro dos 5 primeiros anos.

